MRI - 170 320 173 132
Enlio

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral Técnica

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos: 981 544 038 / 981 544 718
Fax: 981 544 037

galicia

Asunto: informe sobre o anteproxecto da Lei de Caza

Achégolle, por tratarse dun asunto da súa competencia, un informe da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda sobre o anteproxecto de Lei de Caza de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2012
O vicesecretario xeral

XUNTA DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL TÉCNICA · CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR ·

Joaquín Macho Canales

XUNTA DE GALICIA · DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

20 MAR. 2012

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Tributos

Pastoriza, 8
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS
Data 13 MAR. 2012
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 2175

Rfa.: SL/pa (Anteproxecto_Lei_Caza_2012)

Examinado o borrador de anteproxecto da lei de caza de Galicia, que tivo entrada neste centro directivo no 28 de decembro de 2011, cómpre facer as seguintes observacións:

a) Actualmente estanse aplicando pola administración autonómica galega unha serie de taxas e prezos creados conforme ao disposto pola lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que veñen gravar as actuacións administrativas reguladas na normativa vixente en materia de caza.

As tarifas actualmente existentes na Lei 6/2003 son as correspondentes á "Expedición de licenzas de caza", (30.15.00); "Matrículas de terreos cinexeticamente ordenados (Tecor)", (30.16.00), "Autorización para o establecemento, o traslado ou modificación de explotacións cinexéticas comerciais", (30.37.00) e "Actuacións en materia de caza", (30.38.00). O anteproxecto de lei ven acompañado dunha memoria económica-financeira na que se dí que tódalas tarifas mencionadas anteriormente non van a experimentar ninguna variación derivada do propio anteproxecto de lei, sen prexuicio dos que podan establecerse nas futuras leis de orzamentos.

b) No citado anteproxecto créase o Rexistro de Infractores de Caza, que non existe actualmente e nó que, segundo o artigo 91, se inscribirán de oficio todos aqueles infractores que fosen sancionados por resolución firme. Polo tanto, non estamos ante un feito impoñible dunha taxa.

c) Cómpre así mesmo, chamar a atención acerca do establecemento de distintos silencios tanto positivos (disposición adicional cuarta) como negativos (artigo 34.1). No primeiro caso, pode supoñer a realización do servizo solicitado

365

coa contravención do disposto no artigo 16.2 da lei 6/2003 previamente citada. Por iso, debería en todo caso, comprobarse a realización do ingreso da taxa correspondente e, no caso de que non exista ingreso esixirse este consonte co citado artigo 16.2 da lei 6/2003 ou denegarse a prestación do servizo solicitado, sen prexuízo da obriga de resolver establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Sería aconsellable que se supeditara o silencio positivo ao feito de ter ingresada a taxa correspondente.

No segundo caso, silencio negativo, pode supoñer a sospeita de que a realización do servizo solicitado non se leva a cabo, polo que estariamos ante un suposto de non prestación do servizo e, polo tanto, non se devengaría a taxa correspondente. Por iso, debería en todo caso, comprobarse a realización do ingreso da taxa.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2012

O director xeral

Carlos Rodríguez Sánchez

SECRETARIO XERAL TÉCNICO
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR